

TEMA I

A POESÍA DAS IRMANDADES DA FALA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS REPRESENTATIVAS.

A comezos do séc. XX, aínda que en Galicia o poder económico seguía concentrado en sectores minoritarios, cun sistema agrícola foral e unha continua emigración que baleiraba o país. déronse algúns cambios importantes cara á modernización da economía e a sociedade:

- Comeza a consolidarse unha pequena burguesía comercial e industrial relacionada coa industria conserveira, a construción naval e os negocios relacionados coa emigración (comercios, bancos, transportes...
- Prodúcese un transvasamento de poboación da agricultura á industria e ó comercio (desruralización). Desenvolvemento dos núcleos urbanos.
- Xorden mobilizacións sociais como o agrarismo e aparece timidamente o movemento obreiro.
- Nace o nacionalismo.

O **movemento agrarista** é o movemento social máis importante dos primeiros anos do século. Destaca a *Acción Gallega* (1912), organización dirixida por Basilio Álvarez. Buscaba mellorar as condicións de vida dos labregos, conseguir a abolición dos foros e acabar co caciquismo, pero tamén reaccionaba contra outros males do campo (estancamento, atraso, impostos abusivos...). O campesiñado participa activamente en toda Galicia nesta loita, organizándose para loitar pola propiedade da terra que traballaba. (nos anos 20 existían máis de mil sociedades agrarias). Aínda que foi duramente reprimido, este movemento conseguiu a desaparición do sistema foral anos máis tarde.

O **nacionalismo** (terceira fase do galeguismo) xorde no seo das **Irmandades da Fala**, asociacións culturais e políticas que comezaron a funcionar en 1916 na Coruña e axiña se estenden por toda Galicia (Ferrol, Ourense, Betanzos, Santiago...). Os seus membros máis salientables foron os irmáns Villar Ponte, Losada Diéguez, Vicente Risco e Ramón Cabanillas, entre outros. As Irmandades da Fala tiñan como obxectivo máis inmediato defender, dignificar, cultivar o idioma e recuperar a cultura. Protagonizaron un labor de reivindicación idiomática e de actuación cultural destacadísimo:

- A) Fixeron que a literatura galega recobrase a calidade que perdera na fin de século, emprendendo a renovación estética, formal e temática.
- B) Promoveron como nunca se fixera o cultivo literario do galego e impulsaron a creación de editoriais nas principais cidades galegas.
- C) Traduciron por vez primeira obras da literatura universal ao galego, tentando darlle prestixio e demostrando na práctica a súa validez para a expresión de todo tipo de ideas e conceptos.
- D) Consequiron diversificar progresivamente os xéneros literarios, cultivando todos os xéneros ademais da poesía (teatro, novela, ensaio...)
- E) Elaboraron dicionarios, gramáticas e estudos lingüísticos.
- F) Aumentaron a presenza do galego na prensa (revistas e xornais) e para difundir

o seu ideario editaron unha publicación periódica totalmente en galego: *A Nosa Terra*.

G) Reivindicaron o uso do galego na Administración e no ensino.

No 1918 as **Irmandades da Fala** decláranse **nacionalistas**. Mais no 1922 enfrontáronse dúas tendencias: unha, partidaria de participar activamente en política (núcleo coruñés orixinal) e outra, liderada por Vicente Risco, que defendía centrarse no eido cultural. Venceu a tendencia culturalista e comezou unha etapa na que tivo unha grande importancia o *Grupo Nós*, un brillante proxecto cultural vertebrado arredor da revista *Nós* e impulsado polo grupo ourensán que lideraban Risco, Otero Pedrayo e Florentino L. Cuevillas, coa colaboración de Castelao.

A literatura durante os primeiros anos do século XX caracterizouse pola influencia, xa un tanto anacrónica, dos tres principais poetas do Rexurdimento, que aparecían como o exemplo a seguir. A poesía seguiu a ser o xénero máis cultivado manténdose os temas que aqueles trataran: o **costumismo ruralista**, a **poesía civil** e a **poesía épica**. Con todo, había persoas no movemento das Irmandades que consideraban que era necesario renovar a literatura galega; algo vital se querían estar á altura dos novos tempos.

ANTONIO NORIEGA VARELA (1869-1947)

O primeiro que marca timidamente o comezo de novos camiños é **ANTONIO NORIEGA VARELA** (1869-1947). Podemos consideralo o máis destacado representante dunha xeración de transición ou “**antre dous séculos**” (Méndez Ferrín): por unha parte acepta o ruralismo, o costumismo e o sentido cívico dos poetas do XIX, pero por outra podemos ver nel xa certos influxos do modernismo e da literatura portuguesa.

Escribiu unha soa obra que foi ampliando durante toda a súa vida, a medida que se sucedían as edicións. En 1904 titulouna *Montañesas*, pero despois pasou a titulala *Do ermo* (1920). O cambio de título marca un cambio de tendencia na súa obra, con dúas etapas:

- Nun primeiro momento: **poesía costumista**. Segue a liña realista do XIX: canta á paisaxe e aos costumes populares. Describe a vida rural desde unha óptica conservadora que reacciona contra toda novidade e innovación porque desfigura a súa esencia enxebre. “*glosar con gracia a dura vida dos labregos da montaña luguesa en contraste coa súa alegría de vivir expresada nas súas festas e tradicións*”.
- Nun segundo momento, cando o autor entra en contacto cos homes das Irmandades da Fala e a través deles coñece os saudosistas portugueses (Teixeira de Pascoaes, Antero de Quental ou Guerra Junqueiro...) e vese influenciado por eles. A súa poesía vólvese máis orixinal, chea dun **lirismo da natureza** onde a máis pequena e humilde forma viva ou inanimada cobra protagonismo. Convértese no poeta das cousas pequenas –os vermes, as espiñas, as fontes, as flores, as folepas de neve, etc. – cunha actitude case franciscana de atracción polo humilde e o desamparado. (Noriega Varela é un autor de profunda relixiosidade que concibe a súa poesía como unha oración á grandeza de Deus, que le na natureza as virtudes cristiás: a humildade, a pobreza, a piedade...)

Abandona entón o realismo labrego para elaborar unha **poesía culta, refinada**, que segue tomando como motivo as paisaxes montañesas, pero tratadas agora cun **gusto impresionista**. Neste apartado encádranse 21 sonetos literariamente moito máis traballados e lingüisticamente máis cultos.

O **Saudosismo** é un movemento estético nacido en Portugal a comezos do século XX que consiste nunha actitude perante o mundo baseada no concepto da **saudade** (melancolía), elevada a un plano místico, á relación do Home con Deus e co mundo, a unha ansia nostálgica da unidade do material e do espiritual. A saudade é a emoción predominante do **fado** e alenta tamén a **bossa nova** brasileira.

RAMÓN CABANILLAS (1876-1959)

É o poeta máis destacado da época das Irmandades. Tras estar emigrado en Cuba, en 1916 volta a Galicia e participa máis importantes acontecementos e institucións da Galicia do momento: apoiou o movemento agrarista, participou activamente nas Irmandades da Fala e converteuse no principal poeta deste movemento.

A súa obra é de difícil clasificación dada a súa amplitude e diversidade. Abrangue ademais dous períodos: antes da guerra e despois da guerra, pero nela hai dúas liñas claras: a **poesía lírica** e a **poesía narrativa**.

1. Poesía lírica:

Antes da guerra publicou os seus libros máis representativos: ***No desterro***, ***Vento mareiro***, ***Da terra asoballada***. Neles pódense observar as tres grandes liñas temáticas que están presentes na súa obra:

a) Poemas intimistas: con influencia de Rosalía. Tratan sobre a vida, o amor e a natureza. Na súa obra ***A rosa de cen follas***, aparece gran parte desta temática na que destaca a forte carga relixiosa e saudosista. Chea de saudade e lamentacións pola perda do amor ou por un amor imposible.

b) Poemas cívicos, (sociais ou combativos): de marcado carácter social, nos que critica os poderes, a falta de xustiza e a situación de miseria na que vivía o campesiñado. Lembra moito a poesía social de Curros pero sen o seu anticlericalismo. Son poemas nos que se atopan as ideas do Agrarismo (anticaciquismo) e das Irmandades da Fala. Compuxo algúns poemas adicados ó líder agrarista Basilio Álvarez e o himno de Acción Galega.

c) Poemas costumistas: sobre a paisaxe, os homes, as mulleres e mailos costumes galegos. Diferénciase do costumismo do XIX porque o moderniza tanto nos tratamentos dos temas (a descrición do mundo rural realizada con humor e certa autocrítica) como na forma con trazos procedentes do Modernismo.

O modernismo foi unha escola poética de orixe hispanoamericana con escasa repercusión en Galicia; pretende renovar a poesía baseándose na beleza fóra da realidade, con evasión cara o clásico, o mitolóxico, o exótico, o insólito... O brillante mundo modernista está integrado por deuses e ninfas, cabaleiros e castelos, xardíns perfumados con cisnes nos estanques... No estilo modernista resaltan moito os recursos expresivo, a musicalidade, os valores evocativos do léxico e a adxectivación ornamental).

2. Poesía narrativa:

Na noite estrelecida (1926) é, segundo os críticos, o mellor de Cabanillas. É unha poesía de tipo épico que lembra a poesía pondaliana que reelaboraba o pasado céltico de Galicia. Ten unha gran calidade estética e posúe un enorme valor simbólico. Ademais a obra axuda a entender o galeguismo de principios de século, porque se inspirou nunha das súas correntes ideolóxicas, a **corrente celtista** de Pondal, de Murguía e das Irmandades da Fala.

Cabanillas apóiase nun pasado mítico simbólico para axudar á causa nacionalista.

El pensa que o mito ten un valor pedagóxico, xa que pode axudar a mobilizar a conciencia colectiva. O argumento recrea os temas medievais da materia de Bretaña: a espada Escalibur, as lendas da corte do rei Artur e a busca do Santo Grial, traladándoos a Galicia.

Cabanillas fusiona os mitos épicos célticos (*druída, celtas...*), o idealismo cabaleiresco medieval (*Artur, Merlin, Galahad, Escalibur, Grial...*) e o cristianismo

A procura do St. Grial é un camiño, un itinerario místico-relixioso ao que só poden ter acceso as persoas íntegras, puras, compendio de virtudes. Pero na obra galeguízase, e este itinerario convértese nun itinerario nacionalista: as Irmandades da Fala son os cabaleiros da Táboa Redonda, a espada Escalibur, custódiase na illa de Sálvora, o Grial atópao Galahaz nas montañas do Cebreiro e Artur dorme nunha furna á espera dos novos tempos.

Cabanillas apóiase neste pasado mítico, lembra un paraíso perdido para avanzar cara a un futuro que suporá a recuperación da gloria perdida, polos nacionalistas das Irmandades da Fala. No poema aparece o sentimento étnico da saudade. Este sentimento nace da lembranza dun paraíso perdido e o desexo de recuperalo. A saudade da patria equivale á ansia de redención e liberdade da nosa Terra.

Estilisticamente esta obra caracterízase pola grandilocuencia e a ampulosidade, cunha clara influencia modernista.

TEXTOS

ANTONIO NORIEGA VARELA

¡Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!
Eu venero as floriñas dos toxos.
Dos toxales as tennes floriñas,
Que sorríen, a medo, entre espiñas.
Entre espiñas que o ceo agasalla
Con diamantes as noites que orballa.
¡Oh, do ermo o preciado tesouro:
as floriñas dos toxos son de ouro!
De ouro vello son, nai, as floriñas
Dos bravos toxales, idas devociós miñas!

Unha breve pucharquiña

É unha breve pucharquiña
sobre un enorme penedo.

Sen fatuidade urbana
míranse naquel espello
as floriñas dun carpazo,
a ramaxe dun esvedro,
linda pastora de Anaigo
e as estreliñas do ceo.

É unha breve pucharquiña
sobre un enorme penedo.

RAMÓN CABANILLAS

Camiño longo

Camiño, camiño longo,
camiño da miña vida,
escuro e triste de noite,
e triste e escuro de día...
icamiño longo
da miña vida!

Vereda, vereda torta
en duras laxes aberta,
arrodeada de toxos,
crebada polas lameiras...
ivereda torta,
ti onde me levas!

Camiño, camiño longo.
A choiva, a neve e as silvas
enchéronme de friaxe,
cubrironme de feridas...
icamiño longo
da miña vida!

Vereda, vereda fonda
de fontes tristes, sen auga;
sen carballos que den sombra,
nin chouzas que den pousada...
ivereda fonda,
ti cando acabas!

A rosa que sangra

A alma é unha roseira
florecida, coallada
de rosiñas vermellas
e de rosiñas brancas.

Alegrías e penas
son o vento que pasa;
ás veces como un bico,
ás veces trebonada.

Unha bágoa que surde,
unha risa que estala...
ison rosiñas que caen
da roseira da alma!

Miña nai que me arrola,
un amor que me chama,
a estrelliña da gloria
no sendeiro da esperanza...

Cando a vida comenza
icantas rosiñas brancas!

Un filliño que morre,
un amor que se apaga,
a ilusión que se afoga
no remuíño das augas...

¡Cantas rosas vermellas
ó mediar a xornada!

Xa son vello, e o vento,
vento de trebonada,
desfolloume a roseira,
a roseira da alma.

Pero esta dor da Terra
ferida e escravizada...
¡que rosiña vermella!
¡como doi!, ¡como sangra!

Na taberna

Os mozos mariñeiros da fiada
lémbrense rindo alleos de coidados;
cheira a aceite e pementos requeimados
rustido de xurés en caldeirada.
Conta o patrón nun corro a trebonada
do ano setenta, -historia de afogados;-
e empuxándose, inando, entran mollados
os homes dunha “lancha de enviada”.
Pasa de man en man a xerra roiba
de albariño, e namentres cai a choiva
e o vento fai tembrar a casa enteira,
detrás do mostrador clarexa o ceo
nas trenzas de ouro, no mirar sereo,
na sorriso de luz da taberneira.

Acción Gallega

¡Irmáns! ¡Irmáns galegos!
¡Dende Ortegá ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrillar!

Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
á aldea que traballa
disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,
¡Irmáns, irmáns galegos!
que corra o sangue a regos
dende a montaña ó mar.

¡Ergámonos sen medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo señorial!

Xa o fato de caciques,
ladróns e herexes
foxe ó redentor empuxe
da alma rexional.

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns galegos!
que corra o sangue a regos
desde a montaña ó mar.

Na noite estrelecida está formada por tres poemas longos. Neles encontramos a Merlín que leva a Caerleón a espada Excalibor (que estivera depositada na illa de Sálvora). Alí o Rei Artur consegue erguela e é proclamado rei. Artur encoméndalles aos seus cabaleiros da Táboa Redonda a procura do Santo Graal, ao que só poderá chegar o cabaleiro perfecto. Parten todos, e Galahaz, tras desembarcar en Galicia e conseguir a espada, o escudo e a espora (os tres atributos fundamentais como cabaleiro), chegará ao Cebreiro, onde encontra o Santo Graal. Regresa a Caerleón e comunica o achado ao Rei Artur.

No castelo que se alza nun rochedo da serra, onde esquece os traballos e os estrondos da guerra, Rei Artur, fazañoso, xunta os seus cabaleiros, en virtude os mellores e na loita os primeiros, amparo dos humildes, espellos de lealdade, sonados de valentes en toda a cristiandade.

Desde xuntos os vira, ten gran contentamento e arredor de unha mesa failles honra de asento. Rei Artur por cabeza, como máis principal, Gundemaz de unha banda e de outra Parsifal, soio resta baleiro un sitial enloitado no que reza este nome: “Galahaz, o Esperado”.

Medianoite por filo, cando o galo cantaba, Rei Artur ós seus nobres deste xeito falaba: “El Señor foi servido, descendo do seu trono, encher de claridade as trebas do meu sono e faguerme mandado de que os limpos de mal terán de ir, penitentes, conquistar o SANT GRIAL, o cáliz do misterio, a copa milagreira onde a trágica noite da Cea Derradeira, ardendo en lume sagro, aceso polo amor, súa sede de martirio apagou El Señor”.

Tales verbas ouvidas, erguéronse os guerreiros e movidos do Ceo, despiron os aceiros

e na cruz das espadas xuraron de ir á Empresa. E todo foi pasado en arredor da mesa e todos eran cheos de fe divina e fonda. E de entón foron ditos “Os da Táboa Redonda”. No punto que faguían o sagro xuramento unha luz de milagre tremelou no apousento e abatéronse as portas e pareceu no estrado, onde o asento baleiro, Galahaz, o Esperado.

Sen espada nin casco, sen espora ni escudo, ten a gracia dun neno, mais o porte varudo, como espigas de trigo os cabelos doirados, a cor como de rosas, os ollos azuados e a cruz sacra, vermella como aberta ferida, na brancura do traxe, sobre o peito garnida. Ó ver o cabaleiro e o fermoso claror todos quedan suspensos e louvan a El Señor. E Rei Artur ergueuse e pónoo á súa beira falou a Galahaz. E foi desta maneira:

Rei Artur dixo: Tomade miña espada, Galahaz, que outra máis esgrevía e limpa ninguén a colleu na man. Galahaz dixo: Non podo a vosa espada tomar, que a espada que eu cinguirei do ceo ten de baixar...

No seguinte fragmento Galahaz, tras conseguir a espada e o escudo en senllas aventuras, atópase cunha dona encantada. Repara na descrición e no ambiente que a rodea (trazos do modernismo como a adxectivación, símiles, referencias á luz, ás cores e aos sons):

A carón dunha fonte, a floresta mediada persoúselle diante unha dona encantada; de princesa de ensoño loura e gaia beleza, o feitizo de lumia, de raíña a maxeza, frente branca e lucente de claror de luar, ollos meigos e verdes como as augas do mar.

Lindos paxes, onde ela prisioneiros do encanto, levan feixes de rosas e recóllenlle o manto, e o máis roibo e garrido porta esgrevio tesouro: en bandexa de prata unha espora de ouro.

A fermosa doncela, de xeito que namora chegando a Galahaz calzoulle a nobre espora e alzándose ridente tendeu ó cabaleiro seus brazos que envexara a flor do laranxeiro. Mais fiel ó xuramento, ó seu soño leal, Galahaz alonxouse puro e limpo de mal.